

## CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

*Orde do 1 de xullo de 2009 polo que se convoca un curso de formación sobre especialista en información xuvenil coa colaboración da Escola Galega de Administración Pública.*

A Consellería de Traballo e Benestar é o departamento da Xunta de Galicia que asume as competencias en materia de benestar, incluíndo as políticas de xuventude, en virtude do Decreto 335/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a súa estrutura orgánica.

Á Consellería de Traballo e Benestar, a través da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, correspóndelle entre as súas funcións a promoción e organización das actuacións en materia de información e documentación para a mocidade.

Concretamente, en relación coa Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil, de acordo co Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de mocidade, a través do Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil, correspóndelle organizar cursos de formación complementaria do persoal dos servizos de información xuvenil.

Neste contexto o órgano competente en materia de xuventude asinou o 9 de febreiro de 2009, un acordo de colaboración coa Escola Galega de Administración Pública para a organización de tres edicións dun curso de especialista en información xuvenil.

Como consecuencia do devandito convenio, e no uso das atribucións que me foron concedidas,

### DISPOÑO:

#### Artigo 1º.-*Obxecto.*

Esta disposición ten por obxecto aprobar as bases e proceder á convocatoria do curso de especialista en información xuvenil.

#### Artigo 2º.-*Obxectivos.*

Afondar na capacitación das persoas que traballan no ámbito da información xuvenil, co obxecto de que obteñan unha formación que lles permita organizar e xestionar servizos de información de interese para a mocidade, accións de dinamización da información para mozas e mozos, intervir, apoiar e acompañar na creación e desenvolvemento do tecido asociativo e organizar accións socioeducativas dirixidas á mocidade no marco da información educativa.

#### Artigo 3º.-*Persoal a quen vai dirixido.*

Preferentemente persoal da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado e o persoal da Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil, así como as persoas que fixesen o curso básico de información xuvenil pola Resolución reitoral código 2007/87 e a

Resolución reitoral código 2008/131 da Universidade de Santiago.

#### Artigo 4º.-*Criterios de selección.*

Terá prioridade o persoal da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado e da Rede Galega de Información e Documentación Xuvenil que fixese o curso básico de información, orientación e asesoramento á mocidade ou o curso básico de información xuvenil.

#### Artigo 5º.-*Desenvolvemento.*

5.1. Duración: 490 horas, das cales ata o 30% serán prácticas nun SIX, e para a elaboración dunha memoria sobre a posta en marcha dun servizo de información xuvenil xeral ou especializado.

Número de edicións: tres.

#### 5.2. Lugar e datas:

A data da primeira sesión presencial das distintas edicións do curso seralles comunicada aos alumnos e alumnas seleccionados, indicándolles, o lugar, o día e a hora de comenzo.

A fase teórica do curso desenvolverase en modalidade semipresencial e de carácter modular. A parte presencial será obrigatoria, e terá lugar no Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil, en Santiago de Compostela.

As prácticas realizaranse en centros e servizos de información xuvenil unha vez rematada a parte teórica.

#### 5.3. Nº de prazas: 25 por edición.

#### Artigo 6º.-*Contidos.*

A) Organización e xestión de servizos de información de interese para a mocidade.

##### \* Módulo I.

1. Análise dos procesos de información, orientación e asesoramento xuvenil.

2. Organización dos Servizos de Información Xuvenil (SIX).

3. Xestión dos Servizos de Información Xuvenil (SIX).

4. Elaboración e difusión da información para a mocidade.

##### \* Módulo II.

Selección e tratamento da información e documentación nos espazos físicos e virtuais. Técnicas de información e documentación xuvenil.

##### \* Módulo III.

1. O perfil sociolóxico da realidade xuvenil.

2. Observatorios de mocidade. O observatorio galego da mocidade.

##### \* Módulo IV.

A planificación da información xuvenil: plan, programa, proxecto.

## \* Módulo V.

Técnicas de investigación social no ámbito da mocidade.

## \* Módulo VI.

Animación sociocultural.

B) Organización e xestión de accións de dinamización da información para á mocidade.

## \* Módulo VII.

1. A Participación dos mozos nos servizos de Información Xuvenil (SIX).

2. Intervención en espazos virtuais nun servizo de Información Xuvenil (SIX).

3. Mocidade e medios de comunicación.

4. Deseño e organización de campañas informativas para a mocidade.

5. A emancipación xuvenil desde o ámbito da información xuvenil.

C) Organización de accións socioeducativas dirixidas á xuventude no marco da educación.

## \* Módulo VIII.

1. Contexto da información xuvenil no ámbito da educación.

2. Planificación de actividades formativas no ámbito da información xuvenil.

3. Coordinación con outros axentes formativos.

4. Avaliación da formación non formal para a xuventude.

D) Fomento e apoio asociativo.

## \* Módulo IX.

1. Intervención, apoio e acompañamento na creación e desenvolvemento do tecido asociativo.

2. Organizacións non gobernamentais (ONGs), fundacións e asociacións de carácter social.

3. O papel do profesional no apoio asociativo de carácter sociocomunitario.

Artigo 7º.-*Solicitudes.*

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días naturais a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG.

As solicitudes de admisión ao curso dirixiranse ao Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil, da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, da Secretaría Xeral de Familia e Benestar, da Consellería de Traballo e Benestar.

Artigo 8º.-*Certificacións de asistencia.*

1. Outorgaráselles o correspondente certificado de asistencia aos alumnos que participen con regularidade e dedicación no desenvolvemento dos cursos.

Para os efectos de avaliar os coñecementos adquiridos polos alumnos, realizaranse probas obxectivas a distancia ao longo de cada módulo, e ao remate de cada módulo levarase a cabo unha proba avaliativa presencial nas instalacións da EGAP, ou onde se indique no seu momento. Así mesmo, ao remate do curso as/os alumnas/os deberán realizar un traballo ou memoria final do curso.

2. É obrigatoria a asistencia e puntualidade a todas as sesións dos cursos así como ás xornadas, encontros e/ou congresos que organice a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado con temática relacionada coa xuventude durante a duración do curso. Toda ausencia deberá ser xustificada debidamente polo interesado. A falta de asistencia, aínda que sexa xustificada, a máis do 15% das horas lectivas programadas, impedirá a expedición da certificación anteriormente referida e dará lugar á baixa no curso coa perda de todos os dereitos.

A Consellería de Traballo e Benestar outorgará unha certificación coa cualificación de APTO a aquelas persoas que superen todos os módulos.

Artigo 9º.-*Validacións.*

A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado poderá validar aqueles módulos que coincidan en contidos e horas, e fosen organizados polo órgano competente en materia de xuventude da Xunta de Galicia.

Aos asistentes ao curso que leven máis de dous anos traballando nun SIX seranlle validada a parte práctica, tendo que realizar soamente a memoria.

Artigo 10º.-*Modificacións.*

A Consellería de Traballo e Benestar poderá suspender o curso se non hai un mínimo de alumnos, así como modificar o desenvolvemento e os contidos do curso anunciado co fin de adaptalo ás necesidades da Administración, así como ás distintas continxencias que poidan xurdir.

## Artigo 11º

A asistencia a este curso será gratuíta para as alumnas e alumnos seleccionados.

*Disposición derradeira*

Única.-Esta disposición entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 1 de xullo de 2009.

Beatriz Mato Otero  
Conselleira de Traballo e Benestar

## ANEXO

1. CURSO OU ACTIVIDADE SOLICITADA		
Denominación: Curso de formación sobre especialista en información xuvenil.		
Resolución da convocatoria	Nº de DOG	Data de publicación
Lugar de realización	Datas	Horario

2. SOLICITANTE					
Apelidos	Nome			NIF	
Enderezo particular: rúa	Nº	Localidade	Provincia	CP	Telf.:

3. DATOS ADMINISTRATIVOS					
Clase de persoal (fun., event., inter., lab. fixo, lab. temporal, etc.).			Corpo	Grupo/categoría	
NRP		Data de ingreso no corpo		Data de ingreso na Admón.	
Posto de traballo: denominación			Nivel	Data de nomeamento	
Admón. autonómica/local/universitaria/estatal, etc.			Consellería ou entidade de pertenza	Centro directivo	
Enderezo do posto de traballo: rúa, número			Localidade (provincia)	Teléfono	
Telefax			Correo electrónico		
Breve descrición das tarefas do posto de traballo que teñan especial relación co obxecto do curso:					

4. DATOS ACADÉMICOS			
Títulos	Centros	Duración	Data de expedición
Cursos realizados na EGAP ou noutros organismos relacionados coa convocatoria			Data de realización

5. DECLARACIÓN SOLICITUDE
-Declaro baixo a miña responsabilidade que coñezo as bases da convocatoria e que son certos os datos que figuran nesta solicitude. -Solicito tomar parte no curso ou actividade de referencia. ....., ..... de .....2009.
Sinatura

6. INFORME DO/A XEFE/A DO CENTRO DIRECTIVO
Vista a solicitude e o interese para o servizo, emítese informe
<input type="checkbox"/> favorable <input type="checkbox"/> desfavorable
Sobre a asistencia ao curso ou actividade solicitada
Lugar e data Asdo.
Sinatura e selo do órgano informante

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar  
Secretaría Xeral e de Relacións Institucionais  
Santiago de Compostela

De acordo co artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmoo/a que os datos recollidos serán incorporados ao ficheiro do que é responsable a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, a finalidade do cal é obter unha base de datos para resolver as solicitudes de praza no curso. O titular dos datos consente a comunicación destes a organizacións ou persoas directamente relacionadas co responsable do ficheiro e a súa publicación nos termos contidos nesta orde. Non haberá máis cesións de datos agás a outras administracións públicas que exerzan as mesmas competencias ou no caso de que unha lei o previse. O interesado pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o responsable do tratamento: Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade, edificio administrativo San Caetano s/n, bloque 3-1º, 15781 Santiago de Compostela (A Coruña).

Cando o solicitante facilite datos dun terceiro, aínda que se trate de menores de idade, sempre que sexan maiores de 14 anos, será o encargado de informar do contido desta cláusula o titular dos datos e con carácter previo á súa inclusión no devandito ficheiro, no caso dos menores deberá expresalo nunha linguaxe facilmente comprensible para estes.